



**Colección
Meiga Moira**

A illa do silencio

David Daniel Vázquez Álvarez

Ilustracións de Marcos B

1ª Edición: Marzo 2017

© 2017 David Daniel Vázquez Álvarez

© 2017 BAÍA Edicións

Polígono de Pocomaco, 2.ª Avda.

Parcela A2/22

15190 A Coruña

Tel.: (+34) 981 174 296

Fax: (+34) 981 915 698

www.baiaedicions.gal

Distribución:

Consorcio Editorial Galego

pedimentos@coegal.com

Ilustracións: Marcos B

Impresión: Sgraf Artes Gráficas, S.L., Arteixo

ISBN: 978-84-9995-211-6

D. Legal: C 15-2017

Calquera forma de reprodución, distribución, comunicación pública ou transformación desta obra só pode ser realizada coa autorización dos seus titulares, salvo excepción prevista pola lei. Dirixase a CEDRO (*Centro Español de Derechos Reprográficos*) se necesita fotocopiar ou escanear algún fragmento desta obra (www.conlicencia.com; 91 702 19 70 / 93 272 04 47).

A illa do silencio

David Daniel Vázquez Álvarez



BAÍA EDICIÓN S



David Daniel Vázquez Álvarez

Nace o 6 de agosto de 1953 en Arcos de Valdeorras. Vilamartín (Ourense). Realizou os seus estudos na Bañeza, Astorga, e Ourense. Mestre de Ensino Primario xubilado. Escribe novela, contos infantís e xuvenís. No baúl dormen varias historias agardando que lles chegue a súa hora.

Publicacións:

O ruliño branco (A. P. Vagalume, do Barco, 2005), libro de relatos curtos. *Orballo da mañá...* (Colección «Meiga Moira». Baía Edicións. A Coruña, 2006). *Na solaina* (Baía Edicións. A Coruña, 2008). Finalista do Premio Frei Martiño Sarmiento 2010. *Améndoas e flores silvestres* (Colección «Meiga Moira». Baía Edicións. A Coruña, 2008). *Destello ámbar* (Ediciones Albores. Sevilla, 2010). *Cartas desde Prisión* (Finisterrae Ed.). *Cafetería Alameda* (Finisterrae Ed.). *O aprendiz de druída* (Finisterrae Ed.). *Siempre en Agosto* (Ed. Letras de Autor, 2016). *A illa do silencio* (Baía Edicións. A Coruña, 2016).

Premios:

Primeiro Premio no II Certame de Poesía A Ouriceira, Val do Incio (1995), co poemario *Ribeirán do Sil*.

Primeiro Frei Martiño Sarmiento 2015 con *Améndoas e flores silvestres*.

Premio do VII Certame de relato curto convocado pola Asociación de Bibliotecas de Santiago de Compostela, coa súa obra *Laió na serra* (2008).

Premio narrativa curta Manuel Orestes 2015 coa obra *O mapa das mil cores*.

Premio Neira Vilas 2016 de novela curta coa obra *Brian o Chinés*.

*A Saúl e Adel,
remeiros e sobriños meus,
co desexo de que voguen con
forza e sempre “avante” na
procura de si mesmos.*

Naceu nunha pequena aldea durmida na calmiza beira do río Sil, onde as augas descorren mansas, despois dos rápidos do alto Bierzo.

Non levaba nome cristián, como todos os demais rapaces do lugar, por expreso desexo do seu avó, un home dedicado nos últimos anos aos seus profundos pensamentos que chocaban continuamente co abade, señor e propietario de case todo o lugar, como representante do mosteiro que dominaba o val, agachado entre as altas montañas do sur.

Fora desexo do vello que ao nacido, se lle dese o nome dalgunha planta silvestre das que crecían libres na ladeira do monte, porque tiña o fondo presentimento de que aquel rapaz miúdo ía ser algún día dono de si mesmo, non un servo como o viñan sendo todos os seus devanceiros desde séculos atrás.

A súa aldea estaba asentada no mesmo fondo dun verde val que anos antes estivera dominado polo conde de Lemos, do que se contaban cruentas historias a carón da lareira. Díciase que nin el mesmo coñecía as extremas dos seus territorios.

De moi pequeno, o rapaz entrou como criado na reitoral, a casa do abade que viña exercendo de anos atrás o seu quefacer espiritual xunto coa propiedade e a administración do mesón e pousada na que cada mes, con obrigada puntua-

lidade facía escala o correo real con destino ás grandes cidades que séculos atrás tiveran moita importancia, no antigo reino de Galicia de don García, antes de que llo usurpase o seu propio irmán, don Afonso, daquela rei de León.

Acostumado o pequeno ás frecuentes necesidades dunha familia sumida na pobreza foi medrando naquel poboado, case deserto desde a última pandemia que assolara o país enteiro, coidando dos rabaños do crego e atendendo os animais da pousada e os de cantos viaxeiros se hospedaban alí, coidando das súas monturas e limpando unha vez por semana as cortes levantadas con grosas madeiras nas proximidades da pousada.

Decote escoitaba as innumerables historias que narraban cada xornada os viaxeiros do santo camiño que desde calquera país de Europa se dirixían até Compostela na procura das indulxencias que conseguirían en canto chegasen á terra na que se atopaba o sepulcro do Santo Apóstolo.

Non tivo apenas infancia, nin sequera coñeceu ao seu pai. Leváranllo as malditas febres e a gripe case cando el acababa de nacer.

Soñaba con facerse mozo axiña para abandonar aquelas paraxes que o viran nacer, na procura dun traballo digno polo que a cambio lle desen diñeiro abondo para regresar algún día como un home libre, capaz de vivir de seu sen necesidade de estar para sempre sometido á servidume de calquera señor da comarca, como lle pasaba aos demais.

Segundo os viaxeiros do camiño, o mellor que podería facer para acadar o seu soño era alistarse nos exércitos da súa maxestade, o Rei.

Contaba o mozo dezasete anos cando abandonou a súa aldea na busca dun incerto futuro.

Convertíase daquel xeito nun de tantos galegos anónimos que partían na procura da fortuna, uns coas armas, outros no mar, outros na cidade.

Non cumprira aínda os vinte cando foi condenado a galeras por sedición, por traizón ou polo que fose. Nunca chegou a saber con exactitude o nome do seu delito.

Observaba no barco no que cumpría condena, cada día, como algúns dos seus compañeiros contaban o tempo das maneiras máis estrañas: uns anotaban un sinal cada vez que había lúa nova, para saber os meses que ían pasando e daquel xeito controlar os anos que lle restaban de castigo. Outros contaban as mareas, aínda que lles resultase moi complicado. Non faltaban os galeotes que facían un sinal no chan de madeira nalgún punto da cuberta, nos cambios de estación.

O mozo, para mandar algunha que outra carta á súa nai, cousa que non chegara a facer, mercara antes de ser condenado un lapis de chumbo, que así se lle chamaba a aquel fino obxecto de grafito que se extraía en pequenos cilindros e que servía desde os tempos antigos para escribir. Non era o mesmo que as plumas de ave que gardaba o abade na sancristía da igrexa da aldea e que lle emprestaba co seu tinteiro aos domingos cando lle ensinaba a ler na estraña lingua dos libros da liturxia que o pequeno non comprendía ou a escribir un pouco, como pago polo seu traballo durante a semana.

Algunha que outra vez lle botaba unha man o rapaz para preparar aqueles enxeños ao crego. Cando xa estaban listos vendíaos.

Como de máis pequeno posuía unha enorme axilidade capaz de pillar os patos salvaxes sen ser visto por eles até

que os collía entre as súas mans, como se dun gato montés se tratase, arrincáballe algunha das plumas máis fortes sempre da á esquerda por orde do relixioso. Despois soltábaos, cando non os agochaba para entregar na casa e ter comida para tres ou catro días, acompañando o pan reseso que lle entregaban coas sobras da pousada.

Nunca chegou a comprender por que razón tiñan que ser da esquerda, se a plumaxe era a mesma dun lado que do outro, pero tería que facer o que lle ordenase o crego. Colocábaas despois unhas horas en auga, a remollo, a fin de que abrandasen e fosen máis fáciles de moldear. Metíaas o abade no medio dun montón de area morna, quente para que collesen consistencia e a dureza precisa antes de afialas cun coitelo. A tinta enviábanlla ao relixioso no correo real ou no nacional que pasaba soamente cada dous meses e ás veces ata nin se detiña máis que para dar unha pouca forraxe aos cabalos.

Co seu lapis comezou a escribir, nos poucos momentos nos que o podía facer, baixo a luz dalgún farol, no barco no que cumpría o seu longo castigo.

Era unha noite calquera do caloroso verán do ano do Señor, o mil cincocentos noventa e seis, cando xa levaba máis de tres anos remando, case sen forzas, na nave de carga a Marquesa, que unha vez ao ano deixaba o porto de Sevilla rumbo ás novas terras da outra beira do océano Atlántico.

Talvez fose un xeito de resistir os tormentos, os fríos, a fame... a el mesmo.

Por máis que intento afastar do pensamento os recordos dos primeiros anos, na miña aldea, entre as altas montañas do fermoso val do río Sil, o meu río, non o dou conseguido.

É preciso que borre dunha vez todas estas lembranzas que me acosan, que me asedian e que me fan sufrir cunha dor que se me crava no corazón como un espiño punzante que mesmo semella que mo vaia atravesar.

Deben ser máis de tres anos os que levo neste barco sen ver outra cousa que as cabezas dos mesmos compañeiros de condena, e o rostro terso dos soldados da vixilancia.

Non sei canto tempo o poderei aturar. Ás veces mesmo sinto envidia do pobre ancián que rema á miña esquerda. A vida foxe del aos poucos, presa ao seu corpo por un feble fio de seda, a piques de quebrar.

Un, dous... un, dous —aquelas palabras, tantas veces escoitadas ao longo das horas, dos días, das semanas, dos meses, dos anos, cravábenselle cada vez un pouco máis fondas, como puntas afiadas no seu cerebro, na súa alma, no seu pensamento.

—Un, dous... un, dous —a voz impersoal do soldado que os acompañaba día e noite, comezaba a facérselle insoporable. Mesmo parecía que en calquera momento ía rebentar por dentro e derramar os seus miolos polo chan.

Non se lembraba ben do tempo que levaba naquel lugar, encadeado día e noite ao banco de madeira sempre húmido, pegañento e frío, respirando aquel aire viciado e nauseabundo que se mesturaba co salitre do mar inundando os sentidos e penetrando por todos os poros do seu corpo ao mesmo tempo que o frío lle facía conxelar ata os mesmos ósos que case se podían contemplar con só miralo como se dun debuxo macabro se tratase.

Aprendera na súa infancia a controlar cada un dos sentimentos e mesmo a non pensar, a manter en branco a súa cabeza. Era a única maneira de non sentir a dor, o sufrimento, a angustia nin a desesperación:

—Se es capaz de abstraerte, de non pensar en nada, entón estarás en disposición de ser dono de ti mesmo, de non sentir o peso do teu corpo —ensináralle moitas veces na súa gruta o avó, o meigo da aldea xunto ao que todos acudían cando padecían unha doenza ben fose no espírito ou no corpo. Para todos tiña un remedio axeitado ou unha apóce-ma apropiada o vello Daniel, o avó, o curandeiro, o druída como lle dicían decote as xentes da aldea.

El sempre sorría, porque os druídas do seu pobo, nos tempos dos seus devanceiros, eran algo máis, moito máis: eran

os representantes dos deuses na terra. O ancián nunca chegara a compararse a si mesmo con aqueles lendarios personaxes dos séculos do mítico Breogán. Mesmo o abade do lugar ás veces subía ata a cova na que vivía o vello desde había anos, afastada na aba da serra desde a que se podía divisar o antigo castelo do marqués que dominara aquelas terras do amplo val do río que seica nacía nas terras de Babia, no condado de Asturias, alí onde contaban as lendas que un tal don Pelaio, á fronte dun grupo de esforzados guerreiros comezara a loita contra os mouros e mesmo conseguira expulsalos cara ás terras de Castela e para as chairas despoboadas de máis ao sur.

Cantas veces acudía ao seu pensamento o recordo do venerable ancián sentado na entrada da profunda fendedela da rocha na que moraba, dedicado por completo ás súas cavilacións, ás súas beberaxes que preparaba con agarimo. Nos últimos días, a presenza do vello facíasele máis palpable, case como se puidese tocar aquel corpo fraco cuberto soamente cunha túnica de esparto que lle tecera pacientemente a súa filla Andrea. Mesmo chegou a pensar que aquilo podería ser un mal presaxio.

Ía para cinco anos, talvez máis, que Breixo abandonara o seu val, o seu río, a súa nai, ao avó sen ter unha nova máis deles.

—Un, dous... un, dous —sempre as mesmas palabras o sacaban do seu afastado mundo, agora case totalmente esquecido.

—Un menos, dous menos —muniñaba en voz baixa, de xeito case imperceptible, sen forzas, exhausto o seu compañeiro de cadea, sempre sentado á súa esquerda, amarrado, xa sen azos sequera para respirar. Era un ancián que remaba ao seu carón.

—Un menos para que señor? —preguntáralle unha noiña mentres descansaban despois de sorber unha cunca de garavanzos mesturados con fabas, mal cocidos e cheos de pequenos vermes amareentos.

—Para chegar á illa do silencio —respondéralle cun sorriso forzado, sen ánimos.

—Á illa do silencio? —insistíralle Breixo—. E onde está esa illa, avó? —desde que chegara a aquel navío condenado como remeiro para os vindeiros dez anos, como galeote, o mozo sempre se dirixía a el como se en realidade fose o seu outro avó. Sentíase confortado sempre coas súas escasas palabras.

—Nesa illa, á que case ninguén chegou xamais, é onde se atopa a paz, a harmonía, a felicidade —respondeulle sorrindo.

—Onde está, logo? —fixéralle aínda unha pregunta máis antes de que o ancián remeiro quedase durmido.

—Hala coñecer algún día —respondéralle—. Cando eu marche, cando estea a piques de chegar a ela, mete a man baixo o banco no que deixamos a vida cada día, cada minuto, e xusto baixo o meu asento, nunha fenda, que non se pode ver desde ningures, acharás un pergameo de coiro pregado. Cólleo sen que ninguén te vexa. Será o meu agasallo de despedida —contáralle con certo misterio e no maior dos segredos.

—De despedida? —Breixo presentiu que talvez se estivese achegando o intre da fin da viaxe do ancián que estaba a piques de renderse para sempre. Non en van levaba no barco máis de quince anos, segundo tiña escoitado a algún dos poucos compañeiros que falaban a súa mesma lingua: a maior parte deles non os entendía.

Foran chegando alí de todos os países coñecidos, de todas as guerras, de todas as naves inimigas afundidas.

O destino de todos aqueles homes, dos dous centenares polo menos, de remeiros era o mesmo, agás os que facían o seu traballo sen grillóns, sen cadeas, por unhas poucas moedas e un pouco de pan e touciño mesturado no medio da potaxe de garavanzos. Ás veces, aqueles ata descansaban sobre un xergón de herba seca e palla, mentres Breixo e os outros condenados baldeaban a cuberta e fregaban o chan con vasoiras e caldeiros de auga de mar. Adoitaba pasar nos días de vento que viñan sendo unha bendición, cando se escoitaba desde a ponte de mando do capitán:

—Izade velas —era o berro do home do chapeu e uniforme azulado, do que mandaba no barco, do único pasaxeiro que tiña o seu propio camarote. Aquela voz corría de boca en boca polos bancos dos esforzados remeiros sen folgos sequera para repetilo.

Significaba que durante uns días, talvez unha semana ou dúas, mentres acompañasen os ventos favorables e non cambiasen de dirección, non habería que remar desde o amencer ata a noite.

—Un, dous... un, dous —aquelas doentes palabras xa resoaban sen necesidade de que ninguén as pronunciase. Aínda era peor cando había que seguir a ritmo de tambor co estrondo que producía, case insoportable, ou cando o látigo se pousaba punzante no coiro deixándolle o lombo en carne viva.

—Remar e sufrir, ou remar ou morrer —escoitaba Breixo ás veces, ás súas costas, sen saber quen murmuraba polo baixo, atrás del.

Aínda que aquelas palabras soaban case imperceptibles, debían proceder de alguén moi corpulento, forte, segu-

ramente preso no último barco pirata que os atacara semanas atrás e tentara afundilos. Fora a única ocasión na que lles quitaran os grillóns.

Soubo despois da dura batalla que se librara e que acabara con tres ou catro ducias de bandidos apreixados e arrestados nos remos, que era lei cando se producían ataques daquel tipo, o soltar as cadeas de todos os prisioneiros. Cando menos, de afundiren que morresen ceibes. Aos rapados coma el, nin tan sequera se molestaban en quitárllelas algunhas veces. Nos escasos avellentados botes salvavidas soamente cabería o capitán, os seus subordinados e algúns soldados, os de máis confianza.

Eran os soldados os que gardaban a nave e os únicos que podían durmir en liteiras de madeira, abaixo xunto as adegas onde se gardaban os víveres, os animais, a auga, os cubetos de viño e toda aquela mercadoría que se cargara nas ricas terras do outro lado do océano, descubertas segundo escoitara na aldea aos peregrinos que pasaban pola beira do río, ían máis de cen anos por uns valentes mariñeiros, esforzados e aventureiros que ousaran acompañar un tal Cristovo Colón.

Facía falta moita vontade para enrolarse nalgún dos centos de barcos que se facían continuamente ao mar na procura de riquezas. Os salarios resultaban case miserentos.

Contaban os viaxeiros que, a moreas, camiñaban cara a Compostela que a única maneira de gañar moitos escudos era alistarse no exército do Rei.

Escoitárao moitas veces Breixo na súa aldea, na que traballaba día e noite no mesón da calzada pola que pasaba cada dúas ou tres semanas a carruaxe de cabalos co correo real e con algúns pasaxeiros, case sempre xente importante.

Na pousada, propiedade do crego da aldea, encargábase o rapaz, case un mozo, de alistar as cortes nas que gardaban as súas monturas, todos os hóspedes que alí se detiñan na procura de alimento e dun xergón de folla de millo no que deitar os seus corpos antes de proseguir a súa viaxe.

Era o único que sabía facer.

Desde moi pequeno comezara alí e fora afacéndose ao traballo que exercería mentres non tivese a oportunidade de deixalo todo, de abandonar aquela terra e ir coñecer o mundo do que falaban os peregrinos que camiñaban día e noite coa soa idea de chegar a Santiago e bicar o sepulcro do apóstolo.

Fora unha mañá calorosa de verán cando se achegara polo camiño un grupo de soldados ao mando dun alférez, buscando mozos e homes voluntarios para apuntarse aos terzos que defendían as posesións do Rei e do país máis alá das amplas mesetas de Castela, das bravas terras do antigo Reino de Navarra, dos xigantescos Pireneos e dos inmensos dominios do emperador francés.

Coñecía todo aquilo polas longas conversas que mantiña nos seus momentos de lecer cos camiñantes que ían e viñan ao pequeno albergue levantado nas proximidades do mesón para que cando menos tivesen un lugar onde durmir e dar descanso aos seus corpos magoados e aos seus pés, case sempre cheos de feridas e de chagas.

Tamén coñecía moitas cousas das que pasaban polo reino adiante, a pesar de que nunca abandonara o seu val, a súa terra.

Nunca cruzara as altas montañas atrás das que comezaban, despois de catro ou cinco días de camiño, as amplas chairas do antigo Reino de León. Aprendera a ler nas esca-

sas leccións que o abade lle daba na igrexa os domingos cara á noitiña nos libros que gardaba amoreados na sancristía, atrás do altar maior no que estaba ergueito o santo patrón da aldea, amarrado fortemente á grella na que ía morrer queimado. Era San Lourenzo, seica un mártir da época dos romanos.

Desde que coñecera as letras e conseguira ler, aínda que con moita dificultade, pasaba algunhas das horas que o seu traballo lle permitía folleando, ás agachadas, naqueles libros do crego.

Nalgúns deles non entendía nada porque estaban escritos en latín, noutros si que o comprendía porque estaban na súa lingua, na da súa terra, aínda que permanecían escondidos naquel recanto da igrexa porque desde había moitos anos, talvez máis de cen, non se podía empregar a lingua de sempre, a dos seus devanceiros.

O alférez mandara xuntar todos os homes da aldea na pequena praza diante da igrexa para explicarlle as vantaxes de alistarse no exército real e ir defender a honra do rei do país, de España.

Acudira Breixo cos outros cinco rapaces coma el, os únicos que sobreviviran á terrible pandemia que asolara o reino e que levara homes e mulleres a centos. Na aldea soamente quedaran cinco meniños cando foran rematando aquelas febres, aqueles espirros, aquelas suores que os ían levando aos poucos sen que ninguén puidese facer nada, sen que as beberaxes do avó servisen para calmar o intenso calafrío que enchía as casas, os camiños, as leiras de corpos infestados que irremediamente serían pasto dos lobos, dos voíres e da pandemia.

Agosto, 1596

Pregúntome a cada pouco cal pode ser a razón pola que as persoas nunca están conformes co que posúen e sempre queiran máis e máis. Cal pode ser o escuro motivo que move o ser humano para que abandone o seu berce na procura dun pequeno anaco de metal que é quen de afastalo do seu destino, do seu país, do lugar que ocupa no universo, no seu mundo ao que chegou sen sabelo formando parte del, sen decatarse, sendo un elo máis na súa estirpe e na súa raza.

Abandonei os meus seres máis queridos, os que levan o meu mesmo sangue nas súas veas, a miña mesma alma dentro dos seus corpos, sangue que eu decidín errado un día derramar afastándome do meu lugar, na procura de algo tan material e tan vulgar como unhas poucas moedas de prata que levan nas súas entrañas a incerteza, as dúbidas e o esquecemento.

Soaran durante longo tempo as badaladas das campás mentres todos se foran achegando á praza que daba ao adro da porta maior do templo, nos últimos tempos un pouco abandonado ao seu destino ao igual que o castelo, que as vellas vivendas de pedra, barro e palla da aldea.

Era aquel o aviso de que se deberían xuntar todos os veciños como cando ardía algunha casa ou algunha desgraza ameazaba o lugar, ou cando o lobo baixaba en mandas da serra poñendo en perigo os rabaños de ovellas, cando o xabaril teimudo tentaba asolar a colleita do millo ou as leiras de garavanzos, das fabas, do sustento de todo o ano:

—A maior honra para calquera home do reino é defender con valor ao seu monarca —comezara o seu discurso aquel soldado con graduación de alférez disposto a convencer o maior número de homes dos que aínda ficaban no val e noutros vales como aquel.

—Os soldados do Rei sempre son escolleitos entre os fidalgos e os descendentes da nobreza que se sintan orgullosos de pelexar pola súa terra e mesmo deixar a súa vida ante os inimigos. Soamente poderán pertencer aos terzos aqueles de vós que posúan o valor preciso —aquel home forte falaba e falaba sen parar.

As súas palabras penetraban na alma de Breixo, que permaneceu inmóbil mentres o alférez non calou.

No seu pensamento imaxinábase sobre un cabalo coa súa pica fortemente empuñada, coa súa espada pendurada na cintura ou cun brillante arcabuz e unha saca de bólas de ferro das que disparaban, apoiándoo no chan cunha forquita de pau para non errar o tiro ou co mosquete que, segundo foi explicando o oficial, fora adoptado polos terzos de Flandres. Aquel era o corpo do exército onde os animaba a aventurar-

se se decidían ao fin seguilo ata a Caixa de Recrutamento de Cádiz, onde lles darían o armamento preciso antes de partiren para os Países Baixos a defender as posesións do Rei don Filipe.

—Coa honra só non se vive señor —interrompera bruscamente un home maior ante a mirada de sorpresa do grupo de soldados que se apostaran de pé atrás do alférez. Non se inmutou para contestarlle con firmeza:

—Certo, señor, mais as soldadas son abondosas e poderán gañar máis moedas das que calquera de vostedes poida soñar —logo baixou a voz para rematar—. A súa alteza, o Rei daralle a cambio a cada un de vostedes trinta e cinco maravedís, o equivalente a un real de prata por cada semana de traballo.

Aquilo a Breixo pareceulle unha fortuna.

Xamais tivera na man un daqueles reais dos que agora escoitaba falar. Sabía polo crego que doce reais facían un escudo e en tres meses tería un na man, unha das moedas de ouro cuñadas na corte real, ou na Casa da Moeda. Se algún día regresaba faríao cun saquiño de escudos para mercar todo canto desexase ou podería ficar nalgunha cidade das que falaban os peregrinos.

—Percibirán tamén a súa parte de todo o que se recolla cando se conquiste algún lugar inimigo, que se reparte xunto coa paga de cadaquén.

Non fixeran falta moitas explicacións máis para que Breixo decidise seguir aquel home e os seus soldados en canto volvesen pola aldea despois de varias xornadas polas terras de máis ao Norte na procura de ducias de mozos dispostos á aventura, á loita, a facérense ricos nuns poucos anos.

De nada serviran as palabras do meigo Daniel, o avó, cando lle explicara que era mellor que non deixase aquela te-

rra, que algún día non moi arredado volvería a ser próspera como antano fora, nin tampouco os rogos de Andrea, a súa nai, que non desexaba perdelo para sempre. Era Breixo o único ser querido que lle quedaba a máis do seu pai ancián.

O vello retirárase á gruta, case ao mesmo tempo no que as traizoeiras febres deixaran a moza sen o seu home, case acabada de casar con el, e agora o seu fillo marchaba para non regresar en moitos anos, talvez para sempre. Miraba para el a cada intre como se non o coñecera de abondo e quixese gardar moi fonda a súa imaxe, a súa figura na que resaltaban os seus ollos marróns, da cor das castañas, das abelás, e o seu longo cabelo sempre ao vento, negro, escuro como as mesmas noites do inverno. Non permitían as continuas fames no poboado que os corpos medrasen moito, pero era máis alto e máis forte que os outros mozos.

Non sabía a muller se podería soportar a súa marcha, os seus silencios cando sentaban na mesa de madeira na hora da cea. Desde sempre fora un pouco reservado, pouco dado á conversa, nunca deixaba que aflorasen os seus sentimentos, as súas inquedanzas. Atrás do seu aspecto tranquilo e calado escondíase unha alma chea de desexo, de inquietude, de ansias de coñecer, de aventura.

Insistira máis que eles dous o abade, que coñecía como andaban as cousas naquela guerra, moi lonxe do país, que se estaba a facer demasiado longa e que semellaba ía deixar as arcas reais sen un escudo. Nalgunha das cartas que lle enviaba o bispo contáballe que habería que estar preparados para cando se producise a derrota final despois das desfeitas que sufriran nos últimos meses a Armada Real e os exércitos do soberano de todas as Españas, desde que a Invencible fora derrotada polo Inglés.

Cando apareceu de novo o home que tanto lle prometera, semanas antes, unírase Breixo a eles sen pensalo, sen volver a vista atrás para que ningunha dúbida o asaltase, para que ningún remordemento o fixese arrepentir.

—Un, dous... un, dous —non quería Breixo acordarse de todo aquilo, agora tan lonxe para el. Tiña que afastar aquelas lembranzas que o estaban a invadir nos últimos tempos.

Mentres fora capaz de non pensar, de manter a súa mente en branco, baleira, fixéraselle máis levadía a súa estancia na galera, a súa condena da que cando menos lle restaban seis anos ou sete.

Quen podería contar o tempo, alí amarrado sen ver unha luz de esperanza que o puidese animar!

Comezaba a notar no seu corazón un sentimento ata entón descoñecido para el, o desánimo e, aínda peor, o odio que sentía polos dous cómitres que se relevaban para dirixir os movementos compasados dos xigantescos remos que cada vez pesaban máis e máis. A iso engadíase a envexa que lle producían os soldados encargados de manter a orde na nave, os mariñeiros que izaban e baixaban as bandeiras, os que ataban os cabos, os que reparaban as enormes lonas que ás veces rompía o vento de alta mar e mesmo os escravos que se encargaban en cada porto de cargar e descargar a mercadería que transportaban aqueles barcos.

No seu interior, ás veces desexaba ser un deles, un servo, cando menos comían e descansaban máis tempo que eles, os galeotes!

Sentía mágoa polo seu compañeiro, o ancián que se movía empurrado polo remo, para adiante e para atrás, para os lados como se dun boneco se tratase. Cando caía contra

o seu ombro empurrábao coa maior suavidade de que era capaz para que non se fixasen nel os soldados, que non dubidarian en tiralo pola borda en canto se decatasen de que xa non lles servía, que xa non lle quedaban forzas para nada. O vello agradecíalle aquel xesto a Breixo cun sorriso fugaz e cunha mirada de tenrura dos seus ollos cada vez máis apagados, como a lúa cando chega o amanecer no outono.

—Xa podoo contemplar os bravos cantís da miña illa —muniñoulle unha noite mentres permanecían deitados ao resío despois da longa xornada de traballo tras seren relevados por outra quenda de remeiros como eles.

—A túa illa? —preguntou como se non soubese a que se refería o vello Isah.

—Case a podoo ver, non lembrás? É o lugar no que me agarda a paz para sempre, a harmonía para a eternidade —Breixo sorriu mirando para el contemplando como se lle evaporaban os derradeiros fíos de vida, o mesmo que pasaba coa auga das pozas da aldea nos días do caloroso verán. Agarroulle forte as mans. Tiñaas frías, moi frías.

—Podoo tocala, Breixo. Podoo apalpala. Está aí. Sinto como chama por min, como abre os seus brazos para recibirme no seu seo.

—Avó, o silencio non ten brazos —protestou Breixo antes de ficar durmido. Aquela noite soñou, tivo pesadelos nos que se atopaba ante uns xigantescos penedos que abrían e pechaban as súas bocas xigantescas que despois dun intre se volvían pequenas, diminutas para volver crecer e desfacerse entre as nubes nas que non se sentía ruído ningún nin había movemento, nin había sol, nin lúa, nin auga, nin vento, xuraría que entre todas aquelas imaxes que o invadían viu como se elevaba o espírito do seu vello compañeiro.



Cando espertou xa non estaba. Era certo o que presentía. Chegara á súa illa, á súa paz.

Soubo cando se fixo de día que dous soldados o atoparan sen vida e se achegaran con el ata babor, desde onde o tiraran ás augas. Tan sequera fixera ruído algún cando bateu contra as ondas calmas que o acolleran para sempre. Soubo tamén que ficara tal como el desexara, e no mesmo lugar que de moi mozo escollera para pasar a súa vida: no mar.

Non tivera outra relación con el máis que as escasas conversas que mantiveran nos días recentes, pero a súa soa presenza, non sabía Breixo por que inexplicable razón, enchíao de forza, dáballe ánimos e estaba seguro de que ía botar de menos a súa imaxe, as súas alusións a aquela illa que, abofé, era unha máis das manías que se lle pousaran no seu gastado miolo.